



Concello de Moaña

CAMPAMENTOS URBANOS E NÁUTICOS CONCELLO DE MOAÑA VERÁN 2024

SERVIZOS OFERTADOS

As crianzas participantes disporán dos seguintes servizos:

- Programa de actividades de carácter lúdico, sociocultural, recreativo e formativo, que posibilite a inclusión de todas as crianzas.
- Material necesario para a realización de todas as actividades.
- Equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de ocio e tempo libre. No caso de persoas con necesidades específicas de apoio educativo que por razón da súa condición precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- O campamento urbano realizarase no CEIP de Reibón, e no CEIP de Seara, e o campamento náutico no Porto deportivo de Moaña.
- Os prezos para cada actividade e quenda serán de 60€ por quincena, e de 30€ por semana.
- Os campamentos realizarase nas seguintes datas e horarios:

a) Campamento Urbano:

- Semana: 24/06/2024-28/06/2024
- 1º Quincena: 01/07/2024-12/07/2024
- 2º Quincena: 15/07/2024-26/07/2024
- 3º Quincena: 29/07/2024-09/08/2024
- 4º Quincena: 12/08/2024-23/08/2024
- Semana: 26/08/2024-30/08/2024
- Semana: 02/09/2024-06/09/2024

O horario será de 9 h a 14 h. Podendo ser ampliado dende as 8h ata as 15h, para aquelas familias que precisen conciliación.

- b) Campamento Náutico:

- Semana: 24/06/2024-28/06/2024
- Semana: 01/07/2024-05/07/2024
- Semana: 08/07/2024-12/07/2024
- Semana: 15/07/2024-19/07/2024
- Semana: 22/07/2024-26/07/2024





Concello de Moaña

- Semana: 29/07/2024-02/08/2024
- Semana: 05/08/2024-09/08/2024
- Semana: 12/08/2024-16/08/2024
- Semana: 19/08/2024-23/08/2024
- Semana: 26/08/2024-30/08/2024

O horario será de 9.45h a 14.15h.

DESTINATARIOS/AS

a) Campamento urbano:

Nenos e nenas nados/as entre o 2009 e o 2020.

b) Campamento náutico:

Nenos e nenas nados/as entre o 2006 e o 2016.

Nos campamentos urbanos, ofértanse 200 prazas para os campamentos quincenais e para a última semana de agosto, 30 prazas para a semana de xuño e 30 para a de setembro.

Nos campamentos náuticos, ofértanse 25 prazas pada cada semana.

Reservaranse nos campamentos urbanos un 10% das prazas en cada unha das semanas ou quincenas, para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33% ou NEAE, e as prazas que se consideren, e así se informen, polos Servizos Sociais do Concello, por ser necesarias para nenos/nenas por motivos de inclusión social.

Os nenos/nenas que teñan unha discapacidade igual ou superior a 33% ou NEAE recoñecida poderán participar nesta convocatoria facéndoo constar no formulario de inscrición, e achegar o certificado de discapacidade ou informe de diagnóstico, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.

CALENDARIO

Preinscrición: Do 15 ao 22 maio (ambos os dous incluídos)

Sorteo das prazas: 27 maio

Publicación resultado sorteo: 29 maio

Renuncia: Ata o 3 de xuño (incluído)

Inscrición e pago ao campamento: Do 4 ao 7 de xuño (ambos os dous incluídos)

Publicación inscritos e lista de espera: O 12 de xuño

- PREINSCRICIÓN

A preinscrición poderá presentarse na sede electrónica do Concello, presencialmente no Rexistro de entrada do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de PACAP, presentando o formulario de solicitude dispoñible na sede electrónica, ou no Rexistro de Entrada do Concello.

No caso de non presentar a preinscrición na sede electrónica municipal ou no Concello, deberán comunicar ao email, rexistro@concellodemoaña.org, que presentaron a documentación por outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Dita comunicación deberá remitirse ao email indicado, antes do día 22 de maio (incluído), acompañando copia da presentación realizada .





Concello de Moaña

A preinscrición realizarase a nome do pai, nai ou persoa titora legal, indicando o neno/a ou nenos/as que queren preinscribir nos campamentos.

No caso de unidades familiares con máis dun neno/a, que desexen preinscribir a varios irmáns nos campamentos, procederase da seguinte maneira:

- Si todos/as os nenos/as solicitan asistir nas mesmas datas, e ao mesmo tipo de campamento, presentarase unha única solicitude de preinscrición, englobando a todos os irmáns.
- Si os nenos/as solicitan asistir en datas diferentes aos campamentos, ou diferentes campamentos (náutico e urbano), deberán presentar unha solicitude por cada irmá/irmán.

A presentación de dúas ou mais solicitudes por diferentes membros da unidade familiar, referentes ao mesmo período e participantes, e co fin de ter mais opcións no sorteo, suporá a exclusión da posibilidade de participar na totalidade dos campamentos do ano 2024.

- **SORTEO**

Realizarase sorteo no caso de que as solicitudes presentadas sexan superiores ás prazas ofertadas.

O sorteo das prazas realizarase na sede municipal, ante persoal adscrito á Concellería de Mocidade, Infancia e Voluntariado, realizándose dous sorteos, un para solicitudes xerais e outro para prazas reservadas a nenos/nenas con discapacidade.

A todas as solicitudes asignarase un número, polo que no caso de varios nenos/as da mesma unidade familiar que desexen asistir nas mesmas datas aos Campamentos e ao mesmo tipo de campamento, e formularan unha única solicitude, participarán todos co número asignado á solicitude de preinscrición. No caso de varios irmáns que non coincidan nin nas datas nin na modalidade de campamento, terán un número por cada solicitude efectuada.

O primeiro sorteo a celebrar será o correspondente ás reservas por discapacidade. Si a solicitude do menor con discapacidade fíxose por unidade familiar, a praza adxudicada no sorteo incluírá a todos os irmáns, que non entrarán no sorteo xeral.

No caso de a que derradeira praza do sorteo coincida cunha preinscrición na que consten varios nenos/as por pertencer á mesma unidade familiar, entrarán todos/as os/as irmáns e irmás.

As solicitudes de preinscrición que non obtiveran praza no sorteo formarán parte dunha lista de espera. No caso de que a solicitude sexa por unidade familiar e englobe a varios irmáns/irmás, estes incorporaranse á lista de espera de maneira individual, seguindo a orde que se puxera na solicitude de preinscrición.

- **PUBLICACIÓN RESULTADO SORTEO**

O concello de Moaña fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

- **RENUNCIA**

Poderá renunciarse a un ou varios dos campamentos asignados, en función das datas e modalidades que se obtiveran no sorteo, debendo presentarse a renuncia nos lugares, e do mesmo xeito que se fixo a preinscrición, unha soa solicitude para todos os nenos da unidade familiar que participen nos mesmos campamentos e datas, ou varias solicitudes se fixeron a preinscrición de maneira individualizada.





Concello de Moaña

No caso de non presentar a renuncia na sede electrónica municipal ou no Concello, deberán comunicalo ao email, registro@concellodemoaana.org, antes do día 3 de xuño (incluído).

- INSCRICIÓN E PAGO

Os nenos e nenas que obtiveran praza no sorteo deberán inscribirse no campamento e datas asignadas. Para iso deberán presentar nos lugares e do mesmo xeito que se fixo a preinscrición, o xustificante de pago do prezo do campamento e a ficha ou fichas dos menores que participen.

O pago poderá realizarse directamente a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) no seguinte enlace, <https://ovt.depo.gal>, podendo pagarse no momento de xerar a autoliquidación, utilizando unha tarxeta de crédito ou débito, ou descargar a carta de pago xerada e realizar o pago a través de calquera das entidades colaboradoras: Abanca, BBVA, Caixabank, Ibercaja, Novo Banco, Sabadell, Unicaja Banco, ou en calquera oficina de correos. (Esta derradeira opción ten un custo adicional)

Para realizar a autoliquidación a través da OVT, <https://ovt.depo.gal>, seguiranse os seguintes pasos:

- Seleccionar o apartado, Pagar impostos, taxas e multas>Autoliquidar taxas
- Ao seleccionar esta opción, deberá completarse os datos do pai/nai/titor legal do menor/es que acudirán ao curso.
- A continuación, elixirase o Concello de Moaña e o concepto Prezo Público por servizos culturais, deportivos e de ocupación de tempo libre: campamentos.
- Elixida esta opción desplegaranse os distintos campamentos, quincenas e semanas nos que se van a desenrolar os cursos, debendo elixirse unicamente as datas ás que vai asistir o neno/a e o número de irmás/irmáns que acudirán aos campamentos.
- Tras introducir os datos anteriores e pulsando seguinte, obterase o resumo da autoliquidación, que englobará todos os irmás/irmáns, e todas as quincenas ou semanas, ás que acudirán, no caso de que sexan varias, que debe confirmarse e poderá pagarse directamente mediante tarxeta bancaria ou ben descargar o documento de pago para ser pagado en calquera das entidades colaboradoras, anteriormente descritas.

Igualmente poderá acudirse a calquera das oficina do Oral que prestarán asistencia para xerar a autoliquidación e proceder ao pago.

É imprescindible presentar a autoliquidación e o xustificante de pago do curso para que se considere inscrito o neno/nena.

As vacantes que se produzan por non presentar o xustificante de pago, por presentalo fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, se incorporarán á lista de espera.

- PUBLICACIÓN INSCRITOS E LISTA DE ESPERA

Publicarase na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña, a lista definitiva de inscritos nos campamentos, e os novos nenos e nenas que obtiveran praza por quedar vacante algunha praza.

Os pais/nais, ou titores legais deste novo listado de nenos/nenas que obtiveron praza deberán comunicar mediante email ao Concello, no prazo de 2 días dende a publicación, que seguen interesados na praza, e formalizar a inscrición antes do día 14 de xuño seguindo o procedemento descrito anteriormente, no apartado Inscrición e pago.





Concello de Moaña

De non formalizarse a inscrición, entendese que renuncia á praza, publicarase nova lista de admitidos, e seguirase o procedemento descrito anteriormente, ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas.

OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

As persoas adxudicatarias das prazas están obrigadas:

- a) A incorporarse ao campamento e regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- b) A non abandonar o campamento sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono do campamento antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras, ou persoa debidamente autorizada por estas.
- c) A respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións xuvenís, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención existentes no momento do desenvolvemento do campamento e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia, logo do trámite de audiencia da persoa interesada.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Se unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación, directa, por sorteo ou fases de reserva e resultas, e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir ao campamento só terá dereito á devolución deste nos casos e polas causas seguintes:

- a) Anulación do campamento ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte ao menor e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresado o menor.
- c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

As solicitudes de devolución de cota deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, por sede electrónica ou presencialmente.

INFORMACIÓN

Poderá obterse información e asesoramento en relación cos campamentos, de modo presencial, nas dependencias da Casa da Mocidade de Moaña (Rúa María Martín, s/n, 36959 Moaña) de luns a venres en horario de 17h a 21h e os sábados de 17h a 22h, ou na oficina de Información do Concello, (Rúa as Barxas, 2, 36950 Moaña) de luns a venres en horario de 9h a 14h.

